




ILLA DE CORTEGADA

Adela Leiro, Mon Daporta
XULLO 2025



Distancia: 4,5 km
Dificultade: baixa



Carril e Cortegada

O ARQUIPÉLAGO DE CORTEGADA está formado polas illas de Cortegada, Malveira Grande e Pequena, Briñas e illote do Con. Situadas ao fondo da Ría de Arousa na desembocadura do Ulla, fronte a Carril. Pertencen ao concello de Vilagarcía de Arousa.

O seu relevo é case chan e está formada por granitos, xistos e gneis mesturados con depósitos aluviais. A costa é maioritariamente areosa sobre fondo de rocha.

A súa contorna é un importante banco marisqueiro. Cortegada estivo poboada e no interior mantense unha húmida formación boscosa de loureiros e outras árbores que rodean a aldea abandonada e a súa ermida.

Plinio cita a CORTEGADA como Corticata na súa Historia Natural e hai constancia de que estivo habitada desde tempos moi antigos. Houbo unha poboación estable (contaba con preto de 2.000 leiras cultivadas) ata que en setembro de 1907 foi doada ao rei Alfonso XIII para construír unha residencia de verán. Os colonos foron forzados a abandonar as terras. A propiedade foi vendida en 1978 a unha inmobiliaria. Actualmente é propiedade da Xunta de Galiza.

Forma parte do **Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galiza**.

SUPERFICIE: 191 Hectáreas: 43,8 ha terrestres e 147,2 ha mariñas.

Puntos de interese xeolóxico

- Turbeira de Punta Corveiro. Limos e arxilas con abundante materia orgánica, restos dunha turbeira formada durante a baixada do nivel do mar no último período glacial (Würm).
- Praia de cantos fósil de Fradiño. Indicativa da posición algo máis elevada do nivel do mar durante o último período interglacial.



Carril, arquipélago de Cortegada e a ría de Arousa



Cruceiro no esteiro do Ulla

Para visitar Cortegada hai que pedir un permiso nas oficinas do Parque Nacional. Hai a posibilidade de anotarse previamente a algunha das rutas guiadas que o parque realiza esporadicamente na illa. Hai unha caseta de información e un itinerario autoguiado. O percorrido circular vai seguindo paralelo á costa e permítenos ver os lugares de maior interese.

Nós visitamos Cortegada por primeira vez en 2003, aproveitando a marea baixa cruzamos o mar e demos unha volta arredor da illa con tempo de volver a Carril. Logo volvemos noutra ocasión nunha viaxe organizada.



Viveiros de Carril e Cortegada coa marea baixa



Cortegada



Restos da igrexa de Cortegada



Vista aérea de Carril, Cortegada e a Ría



Cortegada está cuberta maioritariamente por un bosque de piñeiros bravos, algúns exemplares de piñeiros mansos, rebolos e carballos, eucalitos, amieiras, salgueiros, estripas, castiñeiros... Por toda a illa hai abundantes loureiros, que, na cara norte, forman un bosque de características únicas.



O bosque de loureiros (*Laurus nobilis*) de Cortegada é unha masa de varias hectáreas de extensión con exemplares que acadan ata 12 m de altura. Polas súas características é un bosque dun grande valor ecolóxico, posiblemente o único de Europa. As especiais características do bosque de loureiros fai que nel se desenvolva unha rica comunidade de fungos macromicetes.





Na illa Malveira Grande, que é zona de reserva, consérvase un dos escasos bosques de rebolos (*Quercus pyrenaica*) da costa atlántica



Piñeiro manso (*Pinus pinea*)

Salgueiro (*Salix atrocinerea*) de grande porte e antigüidade.



Un vello exemplar de estripo (*Crataegus monogyna*)



Trametes



Geopora arenicola


En Cortegada atopáronse máis de 800 especies de fungos, unhas 100 descubríronse nesta illa e varias son únicas no Planeta.

Os arredores da Illa de Cortegada son unha importante área de marisqueo e cultivo en viveiros, en especial de berberecho e ameixa.



Berberecho

Chasco
(*Saxicola rubicola*)



Ameixa

A fauna, e a típica dos bosques e matogueiras da zona costeira. Na área protexida destaca o espazo marítimo, na maior parte intermareal de esteiro, onde abundan os moluscos, anélidos, cangrexos... e aves que empregan a área como zona de descanso ou alimento.